



<http://www.ciberlingua.org>

PROXECTOS EDUCATIVOS NA REDE:

“Clic”:

A pesares de que existen obradoiros específicos de *Clic*, onde se aborda o deseño de paquetes, é interesante que os mestres aprendan a instalalos e manexalos, de xeito que poidan servirles como recurso didáctico.

En Galicia existe un grupo de persoas que botou a andar un lugar na rede para aglutinar os diferentes paquetes que se fosen creando ou traducindo aquí: O *Lapis de Cores*: <http://www.galego21.org/ldc> Aquí podemos descargar o programa así como as diferentes actividades, que se atopan clasificadas por áreas de coñecemento e niveis educativos, para facilitar a localización daquelas que nos interesen.

Outras visitas necesarias en relación co *Clic* son:

“*El racó del Clic*”, <http://www.xtec.es/recursos/clic/esp>, dentro do grande portal educativo catalán: XTEC. Por idioma, área temática e nivel educativo atopamos aquí boa parte dos paquetes que se van editando. É unha boa fonte para os mestres que queren comezar adaptando e traducindo paquetes ás súas necesidades antes de atreverse coa creación.

Rolda de correo do portal galego para mestres *Edugaliza*: <http://www.edugaliza.org/sala/rolda/index.html> É unha rolda que naceu en torno ó *Clic*, na que os mestres intercambiaban propostas, resolvían problemas sobre a súa utilización (por exemplo traballo en rede co *Clic*, xeración de informes...), abordaban elaboracións e traducións compartidas. Hoxe a rolda xa non se



GALEGO 21.org





<http://www.ciberlingua.org>

centra especificamente neste programa senón de forma ampla na utilización das TIC no ensino, non obstante o tema do *Clic* atópase sempre á orde do día.

Curso en liña de elaboración de paquetes *Clic*, tamén en *Edugaliza*: http://www.edugaliza.org/obradoiros/cursos/curso_clic/index.htm O curso ofrece manuais e materiais para a aprendizaxe de xeito práctico do manexo do programa. Contempla un proxecto final de realización autónoma dun paquete. Trátase dun curso homologado en Cataluña, aínda que non na nosa comunidade.

WebQuests:

As WebQuests son proxectos de investigación na rede nos que os rapaces, traballando por grupos, desenvolven todo un proceso de busca, recollida, análise e valoración de información. A maior parte delas responden a unha estrutura moi similar.

- Introducción: pretende orientar ó alumno sobre o proceso que vai levar a cabo e a súa relevancia así como espertar o seu interese polo tema de estudio. Pode usar texto, imaxe...
- Tarefa: obxectivo do proceso de labor investigadora: elaboración dun informe, presentación multimedia ó resto da clase...
- Proceso: actividades que lle permitirán ó alumno acadar o obxectivo final. Trátase de estruturar a investigación nunha serie de pasos que gradualmente leven ó resultado esperado.



GALEGO 2 I.org





<http://www.ciberlingua.org>

- Recursos: selección de URLs que lle proporcionarán ó alumno a información necesaria. Búscase unha navegación guiada e non azarosa. De todos xeitos, estes recursos non teñen porque estar restrinxidos á web.
- Roles: na dinámica típica de WebQuest á clase divídese en pequenos grupos que asumirán a tarefa dende diferentes puntos de vista que se contratarán e complementarán no momento final de presentación e intercambio. Pensemos por exemplo no estudio da realidade dun país dende a perspectiva dun historiador, un xornalista, un antropólogo, un economista. Os recursos a empregar serían diferentes para cada un deles.
- Avaliación: criterios que van permitir ó mestre levar a cabo unha valoración do proceso e o resultado acadado.

Hoxe en día a penas hai WebQuests na nosa lingua. De todos xeitos, é interesante dar a coñecer este tipo de propostas para axudar ós mestres a tomar conciencia das posibilidades da rede.

Partimos dunha páxina en galego que afonda no tema das WebQuests e na que atopamos dúas na nosa lingua: <http://www.bioxeo.com/WQ/index.htm>

Os exemplos traducidos ó galego non responden exactamente ó prototipo de WQ, pero poden ser útiles para unha aproximación, complementada con algunhas das propostas inglesas, portuguesas, castelás... As máis interesantes son aquelas que desenvolven temas históricos ou de valores (ver por exemplo, a portuguesas sobre os dereitos humanos na que se inclúen en liña producións gráficas dos propios rapaces participantes).

Recentemente apareceu unha nova Webquest na nosa lingua a raíz do desastre do buque Prestige:



GALEGO 2 I.org





<http://www.ciberlingua.org>

<http://www.edugaliza.org/prestige/webquest/index.html>

Tódolos vínculos da columna esquerda desta páxina abordan cuestións de tipo teórico sobre o concepto e o xeito de desenvolver WebQuests.

O XTEC é un clarísimo exemplo de como se atopa noutras comunidades o desenvolvemento deste tipo de proxectos, se introducimos no buscador do portal a entrada “WebQuest” atopamos máis de 100 resultados para o dominio xtec.es , algunhas delas de enorme interese e moi ilustrativas da filosofía de traballo WQ.

Portais:

o *Edugaliza*, <http://www.edugaliza.org> : comunidade virtual para mestres galegos. Trátase dun proxecto colaborativo que medra a partir da aportación voluntaria dos mestres do país. Está organizada coma se dun colexio se tratase e nas súas dependencias atopamos diferentes recursos e servicios:

- Entrada: acolla ó visitante cunha presentación do sitio e unha primeira toma de contacto co que *Edugaliza* nos ofrece.
- Aulas: están organizadas por materias. Nelas atopamos recursos e propostas elaboradas e cedidas por mestres e outras coma a das medidas (aula de matemáticas) ou lugares e itinerarios (aula de ciencias sociais), que se van creando de xeito colaborativo.
- Obradoiros: lugar de formación con cursos, manuais... de diferentes ferramentas útiles no mundo do ensino.
- Biblioteca: descarga e consulta de recursos.



GALEGO 2 I.org





<http://www.ciberlingua.org>

- Sala de mestres: prensa, noticias de interese para o profesorado...
- Secretaría: zona de apoio á labor administrativa do centro (formularios, documentación administrativa...).
- Ferramentas comunicativas: accesibles dende a maior parte das estancias de Edugaliza: a rolda anteriormente citada, foros, unha canle de chat...

○ XTEC (Xarxa Temàica Educativa de Catalunya), <http://www.xtec.es> : portal educativo catalán. Está respaldado por un fortísimo apoio institucional o que o converte nun eixo fundamental para o acceso a recursos, propostas, información, intercambios... sobre o manexo das TIC na escola. No *XTEC* podemos atopar dende propostas formais de formación on-line a lugares nos que os diferentes mestres e escolas poden subir e manter as súas páxinas persoais.

○ Sitio dos miúdos (<http://www.sitiodosmiudos.pt>) e Clickin (<http://www.clickin.pt/clickin.asp>). Portais portugueses para cativos; en Galicia carecemos aínda dun lugar de encontro para os máis pequenos na rede. Estructúranse en apartados similares (zonas de lecer, xogos, lecturas, propostas formativas, comunicación e intercambios...) a pesares dos contrastes de deseño: *O sitio dos miúdos* é basicamente html e o *Clickin* flash. Outra diferenza é que este último ofrécenos diferentes salas organizadas por idades, mentres que o primeiro ten unha única versión.

Quixeramos destacar a posibilidade que en ambos casos se lles dá os cativos dun achegamento comunicativo á rede, como lugar de encontro e



GALEGO 2 I.org





<http://www.ciberlingua.org>

comunicación, así no apartado “Criatividades” do *Sitio dos miúdos* ou na “Galería” do *Clickin*.

Literatura infantil na rede:

- *Anamarciana*,

<http://www.geocities.com/EnchantedForest/6209/indexana.html> : versión animada do conto de A. Varela Ferreiro. Os niveis de interactividade son mínimos, pois a estrutura é lineal, é dicir, o cativo só pode avanzar e retroceder páxina a páxina na trama.

- *O conto de Mariña*, <http://www.encomix.es/~milaoya/INICIO.html> :

conto interactivo de Camilo Regueiro e Milagros Oia. Meténdose no papel dunha rapaza e levando a cabo diferentes tarefas da súa vida diaria, trabállanse valores e actitudes da etapa de educación infantil. Usa tecnoloxía Java, co cal dá problemas na versión do Opera que utilizamos; sería preciso usar o Opera 6.05 para velo axeitadamente.

Ciencias na rede:

- *Canal Ciencia*, <http://www.canalciencia.com> : boletín de novas científicas. Pode ser un bo recurso educativo para mestres de áreas científicas.

- *Bio Xeo*, <http://www.bioxeo.com/indexga.htm> : sitio dedicado á aplicación de Internet na ensinanza de bioloxía e ciencias da terra. Pódense atopar interesantes propostas e recursos.



GALEGO 2 I.org





<http://www.ciberlingua.org>

Xogos na rede:

○ Xogos da Xunta: <http://edu.xunta.es/xogos> O aforcado, crebacabezas...

○ Xogos de U-lo: <http://www.u-lo.com/paxinas/nenos/index.htm>
Afundir a flota, o aforcado, xogos de memoria, crebacabezas...

○ Xogos da Taiga:

<http://www.interbook.net/personal/ataiga/xogos.htm> Memoria e números.

○ “Xogos da lingua”:

<http://perso.wanadoo.es/minhoca/npeg/recursos/xogos/xogos.html>

Encrucillados, poemas, vocabulario.



GALEGO 2 I.org

